

ANEXO IV

MEMORIA DO PROXECTO DE INVESTIMENTO

ENTIDADES CON LOCAL CEDIDO

ENTIDADE	
----------	--

Duración da cesión (anos)

1.- CRITERIOS XERAIS

a) Nº de actividades realizadas nos anos anteriores

b) Repercusión territorial

Autonómica Comarcal Local

Nivel de autofinanciamento (só fondos propios)

 %

2.- CRITERIOS ESPECÍFICOS

A) PARA INVESTIMENTO EN EQUIPAMENTO E MOBILIARIO.

b.1.) Fomento de novos usos do local.

b.2.) Finalidade do investimento.

- Equipamento relacionado coas artes escénicas.

- Equipamento relacionado co fomento da lectura

- Equipamento relacionado coa promoción audiovisual

- Equipamento xeral.

Lugar e data

, de de 200

(Sinatura e selo da entidade)

Orde do 1 de abril de 2009 pola que se publican as bases das subvencións ás entidades sen ánimo de lucro de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

O Camiño de Santiago constitúe non só un dos alicerces conformadores da identidade cultural europea, tal como foi recoñecido polas súas principais institucións: o Consello de Europa, a Unión Europea e a UNESCO, senón que tamén supón un elemento

de relación co patrimonio cultural con trazos singulares e propios vinculados á Ruta Xacobeá.

A importancia deses extremos tradúcese nun constante fluír de peregrinos, estudosos e investigadores interesados nos camiños de Santiago, que levou á Consellería de Cultura e Deporte ao desenvolvemento dunha normativa propia neste eido.

Así, xunto coa lexislación de protección plasmada nas leis 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia e 3/1996, do 10 de maio, de pro-

tección dos camiños de Santiago, créase o Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago a través do Decreto 224/1994, do 2 de xuño, co fin de que as diferentes entidades vinculadas ao camiño realicen actividades conxuntas, facilitando a recíproca información entre elas.

O Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición normativa en materia do Camiño de Santiago, derroga o Decreto 224/1994, do 2 de xuño, e regula no capítulo IV o Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

No artigo 24 do Decreto 45/2001 establécese que as entidades inscritas poderán solicitar as subvencións que regulamentariamente se determinen. Con base niso, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no uso das competencias conferidas polo Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, considera necesaria a concesión de axudas ás entidades que realicen actividades de conservación, protección, investigación ou promoción dos camiños de Santiago.

Para tal fin,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e contía máxima.

Esta disposición ten por obxecto promocionar e incentivar, mediante a concesión de subvencións a fondo perdido, as entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades de conservación, protección, investigación, ou promoción, ou calquera outra que repercuta directa ou indirectamente nos camiños de Santiago en Galicia.

As actuacións destas entidades poderán ser subvencionadas coa cantidade máxima de quince mil euros (15.000 €) por beneficiario, para as anteditas actividades referidas a calquera dos camiños de Santiago oficialmente recoñecidos polas comunidades autónomas afectadas, e ata a finalización do crédito orzamentario previsto para o efecto. Non serán obxecto de subvención os gastos de mantemento, funcionamento ou loxística da entidade peticionaria. Tampouco se subvencionarán viaxes de peregrinación, romarías, etc.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 2º.-Importe orzado.

O importe total do crédito destinado para esta convocatoria é de cento corenta e nove mil setecentos vinte e tres con vinte euros (149.723,20 €) e farase con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.433A-481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. En todo caso, o gasto proxectado, que é compatible con outras posi-

bles axudas, subvencións, ingresos ou recursos, suxeitarase á existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán solicitar as subvencións as asociacións, fundacións e institucións sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.
- b) Presentar un proxecto detallado das actividades descritas no artigo 1º.

Exclúense da condición de beneficiarios aqueles en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. Os interesados dirixirán as súas solicitudes segundo o modelo oficial que figura ao final desta orde, ao Rexistro Xeral de Servizos Centrais da Xunta de Galicia, ou calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En consecuencia, non serán admitidas solicitudes enviadas a través de fax, teléfono ou calquera dos medios que non figuren no artigo citado.

A instancia deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Número de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.
- b) Proposta das actividades que solicitan ser subvencionadas e polas que poidan presentar factura na data 31 de outubro de 2009.
- c) Orzamento detallado das citadas actividades, así como unha breve memoria delas e as súas datas de realización.
- d) Fotocopia da tarxeta do CIF, ou documento equivalente no caso de entidades estranxeiras.
- e) Breve relación das actividades realizadas durante o ano anterior (máximo 6 páxinas).
- f) Declaración xurada de ter ou non solicitado axudas para a mesma finalidade de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, de ser o caso, contías solicitadas.

No suposto de que, en calquera momento posterior á presentación da anterior instancia, os interesados soliciten as axudas a que se refire a alínea f) deste artigo, será obrigatorio poñelo en coñecemento dos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, dando conta da axuda solicitada, contía e Administración ou ente público ou privado a que se dirixe.

2. Emenda da solicitude.

Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o parágrafo anterior, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 5º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e comenará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-*Instrución.*

Correspóndelle a instrución dos procedementos de concesión de subvencións á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, con suxeición ao disposto nas bases desta convocatoria e segundo o réxime xurídico previsto no artigo seguinte.

Artigo 7º.-*Réxime xurídico.*

As subvencións obxecto desta convocatoria rexeranse polo establecido nas súas bases, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007. Para o non previsto na citada normativa, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos preceptos que teñen a consideración de básicos; e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Con carácter supletorio observarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8º.-*Comisión de avaliación.*

A comisión estará integrada por un presidente, tres vogais e un secretario.

-O presidente será o secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte.

-Serán vogais, o director xeral de Patrimonio Cultural, a subdirectora xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago e un representante da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo designado pola Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria, con competencias en temas vinculados aos camiños de Santiago.

-Actuará como secretario o/a xefe/a do servizo de Conservación e Protección Xacobeas.

A dita comisión examinará e cualificará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e porcentaxes de valoración:

1. A importancia e interese patrimonial e cultural das actividades propostas no proxecto presentado, con especial valoración daquelas que contribúan á conservación, posta en valor e difusión dos camiños

de Santiago e do patrimonio cultural galego vinculada a eles. A dita importancia virá determinada, no relativo ao interese patrimonial, polos elementos de patrimonio cultural obxecto do proxecto, segundo o establecido na Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (bens de interese cultural, bens catalogados, bens inventariados e resto do patrimonio cultural) e no relativo ao interese cultural, establecendo comparativamente o maior ou menor grao de cobertura das actividades propostas no ámbito en que se desenvolven e na traxectoria profesional dos partícipes na actividade: 25%.

2. A realización de traballos de investigación en relación coa etnografía, arquitectura tradicional e a paisaxe natural no contorno dos camiños de Santiago: 25%.

3. A realización de proxectos que inclúan actividades de recuperación do patrimonio inmaterial e toponimia no ámbito dos camiños de Santiago: 20%.

4. O desenvolvemento de actividades dirixidas directamente a rapaces en idade escolar, agrupacións xuvenís ou outros colectivos sociais entre os que non se teñan feito con anterioridade actividades de difusión: 15%.

5. O emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicitan axudas, no caso de seren desenvolvidas dentro da Comunidade Autónoma de Galicia: 10%.

6. A repercusión cultural e social da actividade en función do ámbito territorial, local, autonómico, nacional e internacional: 5%.

Artigo 9º.-*Resolución.*

A comisión avaliadora prevista no artigo anterior examinará as solicitudes e emitirá un informe en que se concrete o resultado desa avaliación. O órgano instructor elevará este informe, xunto coa proposta de resolución motivada á conselleira, que resolverá a convocatoria, de conformidade co artigo 21.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 34.1º do Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, o órgano competente resolverá o procedemento de concesión no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución, de acordo co previsto no artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e, de ser o caso, na correspondente norma ou convocatoria.

En todo caso, e sen prexuízo do disposto no artigo 34.1º da lei, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de catro meses contados desde o día seguinte ao derradeiro día para a presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen que se teña notificado a resolución lexitima os interesados para

entender desestimadas por silencio administrativo as solicitudes de outorgamento da subvención.

Tendo en conta o artigo 14.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, fíxase o prazo de notificación da resolución en 10 días a partir da data en que se ditase. Mediante resolución acordárase tanto o outorgamento das subvencións coma a desestimación e a non concesión, por desistencia, renuncia ao dereito ou imposibilidade material sobrevida, sen prexuízo do establecido no artigo 33.6º do regulamento.

A resolución notificaráselles aos interesados segundo o establecido no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* os beneficiarios e contías subvencionadas de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así mesmo e de conformidade con esta normativa, a Consellería de Cultura e Deporte publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 10º.-*Prazo de aceptación.*

Os beneficiarios deberán confirmar a súa aceptación da subvención no prazo de 10 días desde a recepción da notificación da concesión da subvención, mediante escrito dirixido á Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, comprometéndose a executar o proxecto ou actividade subvencionada no prazo establecido e nas condicións fixadas na resolución.

Transcorrido o anterior prazo, sen que se produciase manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Denegación da subvención.*

O incumprimento dos requisitos exixidos pola orde de convocatoria será causa de denegación da subvención. Así mesmo, o transcurso do prazo máximo previsto no artigo 9 desta orde para a resolución deste procedemento sen que recaese resolución expresa

producirá os efectos desestimatorios previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En calquera caso, a denegación da subvención será expresa e motivada e os interesados poderán interpoñer, potestativamente, contra a resolución denegatoria recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 12º.-*Realización das actividades.*

As actividades subvencionadas levaranse a cabo con estrita conformidade coa proposta recollida no artigo 4º desta orde e na súa realización deberase deixar constancia de que se trata de actividades subvencionadas pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e no caso de actividades que comporten difusión escrita, deberá ir en lugar e tamaño destacado o logotipo da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Artigo 13º.-*Seguimento e obrigas dos beneficiarios.*

A Consellería de Cultura e Deporte velará para que as actividades obxecto da subvención se realicen de conformidade co disposto no artigo anterior, podendo tomar as medidas que considere oportunas ao respecto.

En calquera caso, os beneficiarios están sometidos ao cumprimento das obrigas contidas nos artigos 11 e 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, debendo facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Especificamente, os beneficiarios estarán obrigados a executar e xustificar o proxecto íntegro para o que se concede axuda, segundo as condicións destas bases, isto é, o 100% da execución que serve como base para o cálculo da axuda. No caso contrario a contía da axuda minorarase proporcionalmente ao efectivamente executado.

Artigo 14º.-*Documentación xustificativa do pagamento.*

A subvención farase efectiva sempre que na data 31 de outubro de 2009 se tivese executada na súa totalidade a actividade especificada na solicitude a que se refire o artigo 4º, e se tivese entregada completa a documentación que a continuación se relaciona:

a) Informe acreditativo de terse completado o obxecto da subvención xunto coas fotografías, notas

de prensa e demais material que dea testemuño suficiente do seu cumprimento.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. A estes documentos xuntaráselles, de ser o caso, xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

c) Certificación bancaria actualizada orixinal e acreditativa de que a conta sinalada corresponde á entidade.

d) Declaración xurada actualizada da entidade de ter ou non recibido axudas para a mesma finalidade de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, de ser o caso, contías solicitadas.

Así mesmo, e sen prexuízo do anterior, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto subvencionado, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 15º.-*Perda da subvención.*

Procederáse ao reintegro total ou parcial e á existencia dos xuros de demora, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2009.

P.D. (Orde 12-1-2007)

José Carlos Sierra Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte

Resolución do 1 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, pola que se fan públicos os códigos de identificación do censo de asociacións e entidades culturais de Galicia, correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2009.

Para dar cumprimento ao estipulado no artigo 5 do Decreto 44/2001, do 1 de febreiro, polo que se establece a refundición da normativa en materia do censo de asociacións e entidades culturais, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, unha vez aplicadas as claves de clasificación correspondentes,

segundo dispón o artigo 4 do devandito decreto, e unha vez finalizado o proceso de clasificación,

RESOLVE:

Asignar con carácter provisional o código de identificación do censo (CIC), asignado ás asociacións e entidades culturais que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2009.

Luís Bará Torres

Director xeral de Creación e Difusión Cultural

ANEXO

Relación de asociacións e entidades culturais de Galicia incluídas no censo creado ao abeiro da orde da Consellería de Cultura e Benestar Social do 29 de outubro de 1986, correspondentes ao 1º trimestre do ano 2009

*A Coruña:

Arquivo	CIC	Nome	Concello
4239	B-01.22/AC.106	Asoc. <i>Movimiento Juvenil Don Baltasar</i>	Arzúa
4205	A-02.21/AC.112	Asociación <i>Amigos das Bandas de Música</i>	Boqueixón
4218	A-02.65/AC.178	Asociación <i>Cultural Airela</i>	Santiago de C.
4226	B-02.14/AC.122	Asociación <i>Cultural Garola</i>	Cedeira
4198	A-02.61/AC.130	Asociación <i>de la Prensa de A Coruña</i>	A Coruña
4185	C-03.12/AC.164	Asociación <i>de Veciños Albeiro de Vilouzas</i>	Paderne
4220	B-03.12/AC.174	Asociación <i>de Veciños A Candelaria</i>	Rois
4208	B-02.25/AC.130	Asociación <i>Lírica de Galicia</i>	A Coruña
4213	A-02.61/AC.178	Fundación <i>Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas</i>	Santiago de C.
4196	A-02.61/AC.165	Fundación <i>Camilo José Cela</i>	Padrón
4219	A-02.61/AC.178	Fundación <i>de Estudos e Análises-Fensa</i>	Santiago de C.
4206	A-02.61/AC.178	Fundación <i>Galiza Sempre</i>	Santiago de C.
4199	A-02.61/AC.178	Fundación <i>Luis Tilves</i>	Santiago de C.
4231	A-02.61/AC.173	Fundación <i>Museo del Grabado a la Estampa Digital</i>	Ribeira
4190	A-02.64/AC.130	Sociedad <i>Española de Estudios Literarios de Cultura Popular-Selicup</i>	A Coruña

*Lugo:

Arquivo	CIC	Nome	Concello
4175	B-02.26/LU.210	Asociación <i>Cultural de Gaiteiros Os Valuros de Castro de Rei</i>	Castro de Rei
4178	C.03.14/LU.2902	Asociación <i>de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios Praia da Marosa</i>	Burela
4229	B-03.12/LU.226	Asociación <i>de Veciños e Cultural San Miguel de Monseiro</i>	Láncara

*Ourense:

Arquivo	CIC	Nome	Concello
4212	B-03.14/OU.369	Asoc. <i>Cultural de Mulleres e Familiares de Ámbito Rural Leilía</i>	Ribadavia
4187	B-01.11/OU.354	Asoc. <i>Cultural, Medioambiental y Universitaria Syme</i>	Ourense
4238	B-03.11/OR.306	Asoc. <i>de Pais e Nais do CEIP A Valenzá O Ruxidoiro</i>	Barbadás
4224	A-02.73/OU.331	Asociación <i>Cultural Comisión de Festas de Esgos</i>	Esgos
4210	B-03.14/OU.382	Asociación <i>Cultural de Rabal</i>	Trasmiras
4235	B-01.22/OR.372	Asociación <i>Cultural e Deportiva Mascarada</i>	A Rúa
4191	B-01.11/OU.343	Asociación <i>Cultural e Deportiva Vía XVIII</i>	Maceda
4177	B-01.1/OU.368	Asociación <i>Cultural e Xuvenil de Ramirás</i>	Ramirás
4201	A-03.12/OU.339	Asociación <i>Cultural e Xuvenil Salecimat</i>	Laza
4174	A-02.26/OU.354	Asociación <i>Cultural Escobar</i>	Ourense
4179	B-02.14/OU.324	Asociación <i>Cultural Musicultura</i>	Celanova